

NARÓN**ANUNCIO***Normativa*

O Concello Pleno, en data 29 de decembro do ano 2006, aprobou inicialmente a ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruidos e vibracións, o que foi publicado no BOP nº 22 do día 27 de xaneiro de 2007 para exposición pública polo prazo de 30 días, para presentación de alegacións. Rematado o prazo de alegacións sen que se presentara ningunha, enténdese aprobada definitivamente co seguinte texto:

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA EMISION E RECEPCION DE RUIDOS E VIBRACIONES

Título I. Disposición xerais.

Título II. Niveis de ruído e vibración admisibles.

Título III. Condicións esixibles ás actividades relacionadas cos usos productivo, terciario e equipamento.

Título IV. Actividades de ocio, de espectáculos e recreativas.

Título V. Regulación do ruído de tráfico.

Título VI. Condicións esixibles á edificación.

Título VII. Actividades varias.

Título VIII. Réxime xurídico.

Disposicións adicionais.

Disposicións transitorias.

Disposicións finais.

Anexo I: Procedemento e efectos da declaración de ZAS.

Anexo II: Definición dos espectáculos públicos e actividades recreativas.

Anexo III: Horario de peche e limitacións.

Disposicións adicionais.

Disposicións transitorias.

Disposicións finais.

Anexo I: Procedemento e efectos da declaración de ZAS.

Anexo II: Definición dos espectáculos públicos e actividades recreativas.

Anexo III: Horario de peche e limitacións.

TITULO I.-DISPOSICIÓN XERAIS**Artigo 1.**

– A presente Ordenanza ten por obxecto regula-la actuación municipal en orde á protección das persoas e os bens contra as agresións producidas pola enerxía acústica nas súas manifestacións máis representativas: ruidos e vibracións.

– Os efectos da presente Ordenanza, o ruído e as vibracións entenderanse comprendidos dentro dos elementos contaminantes da atmósfera por formas de enerxía aludidos no artigo 1 da Lei 38/1972, de 22 de decembro, de Protección do Ambiente Atmosférico.

3.–Medidas de prevención.

Nos traballos de execución do planeamento urbano e de autorización e realización de todo tipo de actividades e servizos deberá contemplarse a súa incidencia na xeración de ruidos e vibracións, para que se garanta que os usos e actividades

permitidos facilitan o nivel máis axeitado posible de calidade de vida, reducindo a niveis aceptables a contaminación acústica, nos termos e condicións previstos na Lei 7/1997, do 11 de agosto, e no Decreto 150/1999, do 7 de maio, que a desenvolve, e das prescricións contidas neste regulamento.

Entre outros aspectos deberá prestarse especial atención a:

– Organización do tráfico en xeral.

– Transportes colectivos urbanos.

– Recollida de residuos sólidos.

– Localización de centros docentes, sanitarios e lugares de residencia colectiva.

– Planificación de actividades ó aire libre que poidan xerar ambientes ruidosos en zonas estremeiras.

– Planificación e proxecto de vías de circulación cos seus elementos de illamento e amortecemento acústico.

– Todas aquelas medidas preventivas e/ou correctoras que fosen necesarias.

Artigo 2.

1. Quedan sometidas ás prescricións establecidas nesta Ordenanza, de obrigatoria observancia dentro do Término Municipal de Narón, tódalas actividades e instalacións industriais, comerciais e de servizos, construcións e obras, edificacións, actividades de ocio, de espectáculos e recreativas, tráfico que xeran ruidos e/ou vibracións susceptibles de producir molestias, así como aquelas outras actividades que implique unha perturbación por ruidos da veciñanza.

2. Igualmente quedan sometidos ás prescricións establecidas na Ordenanza tódolos elementos constructivos constituíntes da edificación, en tanto en canto facilitan ou dificultan a transmisión dos ruidos e vibracións producidos no seu entorno.

3. A efectos desta Ordenanza considérase dividido o día en dous períodos denominados diurno e nocturno.

O primeiro deles ocupa o espazo de tempo comprendido entre as 8 e as 22 horas, correspondendo ó segundo o espazo de tempo comprendido entre as 22 e as 8 horas.

Os ruidos e vibracións emitidos ou transmitidos terán a consideración de diurnos ou nocturnos segundo se produzan nun ou noutro período de tempo.

Artigo 3.

Corresponderalle á alcaldía ou á concellería en que delegue e, de se-lo caso, á Xunta de goberno, esixir, de oficio ou por solicitude de parte interesada, a adopción das medidas correctoras necesarias, sinala-las limitacións, ordenar cantas inspeccións sexan precisas, establecer instrumentos permanentes de control de son nas actividades suxeitas a estas ordenanzas tipo e impoñe-las sancións correspondentes en caso de incumprirse o ordenado, consonte o disposto na lexislación de réxime local e na Lei 7/1997, do 11 de agosto.

Artigo 4.

1.–Para aquelas actividades, instalacións e obras que se autoricen a partir da entrada en vigor da Ordenanza, as prescricións establecidas na mesma son de obrigatorio e directo cumprimento.

2.–Respecto ás actividades, instalacións e obras autorizadas con anterioridade á entrada en vigor da Ordenanza, a adecuación ás normas establecidas na mesma realizarase segundo o disposto nas Disposicións Transitorias.

Artigo 5.

1.–Co fin de poder diferenciar e pondera-os diversos ruidos con maior precisión e racionalidade, efectúase unha primeira clasificación do ruído en función das características am-

bientais en que se desenvolve. Deste xeito obtéñense cinco niveis que representan unha diversidade de rúidos con características comúns e que se definen nos puntos seguintes.

2. Nivel de emisión. É o nivel de presión acústica orixinada por unha fonte sonora.

O nivel de presión acústica (LpA) en decibelios, dB(A) – submúltiplo do belio–, queda definido pola relación:

$$L_{pA} = 10 \log (P_A / P_0) \cdot 2, \text{ sendo:}$$

P_A = Valor eficaz da presión acústica producida pola fonte sonora, ponderado conforme a curva de referencia normalizada (A).

P_0 = Presión acústica de referencia, de valor: 2×10^{-5} Nw/m² (pascais). Limiar de audición para un oído san a unha frecuencia de 1.000 Hz.

O nivel continuo equivalente (L Aeq,T) é o nivel de presión acústica eficaz ponderado e promediado durante un tempo de medición.

$$L_{Aeq,T} = 10 \log \left[\frac{1}{T} \int_0^T (P_A^2 / P_0^2) dt \right]$$

ou alternativamente mediante a ecuación:

$$L_{Aeq,T} = \log \left[\sum_{i=1}^n \left(\frac{t_i}{100} \right) 10^{0.1 L_{pAi}} \right]$$

Onde:

$t_i / 100$ é o valor numérico da porcentaxe de tempo da duración total do ensaio, T , correspondente ó nivel de presión acústica L_{pAi} cos L_{pi} dispostos en intervalos de clase inferiores ou iguais a 1 dB.

L_{pAi} son os niveis de presión acústica ponderados, A , obtidos cunha instrumentación que cumpra os requisitos esixidos ós aparellos de clase 1 na norma IEC - 651, UNE - EN 60.651, utilizando a característica temporal lenta.

2.1. Nivel de emisión interno (NEI). É o nivel de presión acústica existente nun determinado local, onde funcionen unha ou máis fontes sonoras

2.2. Nivel de emisión externo (NEE). É o nivel de presión acústica orixinado por unha ou máis fontes sonoras que funcionen no espazo libre exterior.

3. Nivel de recepción. É o nivel de presión acústica existente nun determinado lugar orixinado por unha fonte sonora que funciona nun lugar distinto.

3.1. Nivel de recepción interno (NRI). É o nivel de recepción medido no interior dun local. Á súa vez distínguense dúas situacións:

3.1.1 Nivel de recepción interno con orixe interna (NRII). É aquel nivel recepción interno orixinado por unha fonte sonora ou vibrante que funciona noutro recinto, situado no propio edificio ou nun edificio estremeiro.

3.1.2. Nivel de recepción interno con orixe externa (NRIE). É aquel nivel de recepción interno orixinado por unha abundancia sonora que procede do espazo libre exterior.

3.2. Nivel de recepción externo (NRE). É o nivel de recepción medido nun determinado punto situado no espazo libre exterior.

Artigo 6.

1.–Co fin de poder diferenciar e pondera-os diversos rúidos con maior precisión e racionalidade, efectúase unha segunda clasificación do ruído tendo en conta a variación do mesmo en función do tempo. Deste modo considéranse os rúidos que se definen a continuación.

2. Ruído continuo. É aquel que se manifesta ininterrompidamente durante máis de dez minutos. Á súa vez, dentro deste tipo de ruído diferéncianse tres categorías:

2.1. Ruído continuo uniforme. É aquel ruído continuo cun nivel de presión acústica (LpA), utilizando a posición de resposta "lenta" do equipo de medición, que se mantén constante ou ben os límites nos que varía difiren en menos de 3 dB(A), en períodos de medición de dous minutos.

2.2. Ruído continuo variabale. É aquel ruído cun nivel de presión acústica (LpA), utilizando a posición de resposta "lenta" do equipo de medición, que varía entre uns límites que difiren entre 3 e 6 dB(A).

2.3. Ruído continuo fluctuante. É aquel ruído cun nivel de presión acústica (LpA), utilizando a posición de resposta "lenta" do equipo de medición, que varía entre uns límites que difiren en 6 dB(A).

3. Ruído transitorio. É aquel que se manifesta ininterrompidamente durante un período de tempo igual ou menor de cinco minutos. A súa vez, dentro deste tipo de ruído diferéncianse tres categorías:

3.1. Ruído transitorio periódico. É aquél ruído que se repite con maior ou menor exactitude, cunha periodicidade de frecuencia que é posible determinar.

3.2. Ruído transitorio aleatorio. É aquel ruído que se produce de forma totalmente imprevisible, polo que para a súa correcta valoración é necesaria unha análise estatística da variación temporal do nivel sonoro durante un tempo suficientemente significativo.

Artigo 7.

1.–Co fin de poder diferenciar e pondera-os diversos rúidos con maior precisión e racionalidade, efectúase unha terceira clasificación do ruído tendo en conta a relación establecida entre a fonte sonora ou vibrante causante da molestia e o propietario ou manipulador da devandita fonte. Deste xeito considéranse, ós efectos establecidos no artigo 49, dous tipos de rúidos que presentan características comúns e que se definen nos puntos seguintes:

1.1.–Ruído obxectivo (R.O.).–É aquel ruído producido por unha fonte sonora ou vibrante que funciona de forma automática, autónoma ou aleatoria, sen que interveña ningunha persoa que poida variar as condicións de funcionamento da fonte.

1.2.–Ruído subxectivo (R.S.).–É aquel ruído producido por unha fonte sonora ou vibrante das cales as condicións de funcionamento quedan supeditadas á vontade do manipulador ou titular da devandita fonte.

Artigo 8.

Ruído de fondo (R.F.).–A efectos desta Ordenanza, considérase o ruído de fondo existente nun determinado ambiente ou recinto, como o nivel de presión acústica que se supera durante o 90% dun tempo de observación suficientemente significativo, en ausencia do ruído obxecto da inspección.

Artigo 9.

1. O grao de precisión dos sonómetros utilizados para a medición do nivel acústico, do illamento acústico e do nivel de vibración será do tipo 1. Os ditos sonómetros deber ser integradores e analizadores con posibilidade de obtención de datos estatísticos e de rexistro. No caso de que o ruído ambiental conteña impulsos, farase necesario utilizar instrumentación que cumpra a norma IEC-804, UNE-EN 60.804.

Para os efectos da clasificación da precisión dos sonómetros será aplicable o establecido nas normas IEC-651-79 e UNE 60.651. O micrófono utilizado será de campo libre e estará orientado naquela dirección na que a resposta en frecuencia sexa máis uniforme.

Para asegura - la fiabilidade da medición, tódalas que se realicen no exterior requirirán o uso de pantallas protectoras antivento.

2. Ó inicio e ó final de cada medición acústica efectuarase unha comprobación do sonómetro, utilizando para isto un calibrador sonoro apropiado. Esta circunstancia recollerase no informe de medición, así como a contrastación, alomenos anualmente, cun laboratorio oficial ou privado debidamente autorizado.

Artigo 10.

Valores de recepción.

Estes valores serán medidos na forma e nas condicións sinaladas a continuación e consonte o disposto no Regulamento de protección contra a contaminación acústica, aprobado polo Decreto 150/1999, do 7 de maio.

1. Técnicas de medida do ruído ambiental interior.

1.1. Para a valoración do ruído ambiente interior, utilizarase o nivel sonoro continuo quivalente, expresado en decibelios ponderados coa rede de ponderación A, $L_{eq} dB(A)$, de acordo coa norma UNE 74.040. En caso de medicións inferiores a 60 minutos, considerárase a constante de tempo Show (resposta lenta), segundo a norma UNE 20-464-90.

1.2. As medidas dos niveis de recepción do ruído no interior do local afectado realizaranse na localización onde os niveis sexan máis altos, e se fose preciso no momento e situación en que as molestias sexan máis acusadas.

1.3. A realización das medicións no interior dun recinto receptor efectuarase conforme as seguintes indicacións:

– O micrófono situarase polo menos a 1 m de separación de calquera superficie.

– A medida realizarase con portas e ventás pechadas, co obxecto de que o ruído de fondo sexa o mínimo posible, eliminando toda posibilidade de ruído interior da propia vivenda.

– O observador situarase no plano normal ó eixe do micrófono e o máis separado deste e que sexa compatible coa lectura correcta do indicador de medida intentando evita-lo efecto pantalla.

– Para evita-la distorsión direccional, situarase o sonómetro no punto de medida e será xirado no interior do ángulo sólido determinado por un octante, fixándoo na posición na que a lectura sexa equidistante dos valores extremos así obtidos.

– A duración da medida poderá variar de 1 minuto a 60 minutos, en función do tipo de ruído que se intenta medir. Esta debe referirse a un período de tempo adecuado e escollerase en función do carácter das variacións do ruído. De acordo con isto, as valoracións de medición serán as seguintes:

– Ruído continuo uniforme: o nivel acústico, LPA, realizarase con sonómetro con ponderación (A) e posición lenta (slow), sendo o tempo de medida de 5 minutos.

– Ruído continuo variable: o nivel acústico, LPA, realizarase con sonómetro con ponderación (A) e posición lenta (slow), sendo o tempo de medida de 10 minutos.

– Ruído continuo fluctuante: o nivel acústico, LPA, realizarase con sonómetro con ponderación (A) e posición lenta (slow), sendo o tempo de medida de 30 minutos.

– Ruído transitorio periódico: o nivel acústico, LPA, realizarase con sonómetro con ponderación (A) e posición lenta (slow). Durante o período durante o que se produce o ruído, realizaranse tomas de datos cuns tempos de medida que sexan de, polo menos, o 50% do tempo de funcionamento.

– Ruído transitorio aleatorio: o tempo de medida abarcará un período que, polo menos, teña en conta dúas situacións aleatorias do ruído. O nivel percentil utilizado será L10.

– Ruído de fondo: para a determinación deste ruído, realizarase unha toma de datos de, polo menos, 5 minutos e tomarase como valor da medida o percentil L90.

2. Valoración do ruído ambiental interior.

2.1. A corrección do nivel de ruído pola influencia do ruído de fondo (ruído medido coa actividade ou instalación ruidosa parada) realizarase conforme as seguintes indicacións:

– Se a diferenza entre o nivel de ruídos e o nivel de fondo é igual ou inferior a 3 dB (A), darase por nula, ó se-lo nivel de fondo demasiado elevado e non permitir unha determinación correcta.

– Se a diferenza entre o nivel de ruídos e o nivel de fondo está comprendida entre 3 e 10 dB (A), para acha-lo nivel corrido aplicarase a fórmula:

$$L_{pAequ.corrixido} = 10 \log (10 L_{equ}/10 - 10 L_{fondo}/10).$$

– Se a diferenza entre o nivel de ruídos e o nivel de fondo é superior a 10 dB (A), o nivel de ruídos non precisa corrección.

– En tódolos casos, se o valor do nivel de fondo superase o límite máximo aplicable autorizado, o nivel de fondo obtido converterase no novo límite autorizábelo.

– Se para a valoración do ruído se recorre a índices estatísticos, o percentil é L90, que é o que se tomará como ruído de fondo.

– En medicións cunha duración superior a 60 minutos, realizarase a valoración dos niveis de ruído mediante o parámetro LPN.

3. Para a realización da valoración do ruído e polo tanto a súa comparación cos niveis marcados na lei, partírase dos niveis medidos polo procedemento fixado no presente artigo ós cales haberá que sumar, os reflectados na seguinte táboa e os debidos as características impulsivas ou tonais:

ZONA	A		B		C		D	
RECINTO	D	N	D	N	D	N	D	N
I	–	–	–	–	–	–	–	–
II	–	–	–	–	–	–	–	–
III	–5dB(A)	–3dB(A)	–5dB(A)	–3dB(A)	–8dB(A)	–5dB(A)	–10dB(A)	–3dB(A)
IV	–7dB(A)	–5dB(A)	–7dB(A)	–5dB(A)	–10dB(A)	–7dB(A)	–10dB(A)	–5dB(A)
V	–7dB(A)	–5dB(A)	–7dB(A)	–5dB(A)	–10dB(A)	–7dB(A)	–10dB(A)	–5dB(A)

– Tódalas valoracións serán incrementadas en función das características do ruído.

– Ruído impulsivo (marteladas): +3dB(A).

– Tons puros (asubío): +3dB(A).

– Presentarase un informe con resultados obtidos no que se recollerá:

Esquema de situación do recinto emisor e receptor.

Situación das fontes sonoras.

Posicións de medida.

Resultados obtidos.

Instrumentación empregada.

Límites en vigor.

Conclusións oportunas.

4. Técnicas de medida do ruído ambiental exterior.

4.1. A valoración dos niveis de ruído realizarase mediante o parámetro Leq, expresado en dB(A), e valorado coa constante de tempo Slow (resposta lenta), segundo a norma UNE 20-464-90.

4.2. A realización das medicións do ruído ambiental exterior efectuarase conforme as seguintes indicacións:

- O micrófono de medida estará situado 1'5 m da fachada e a unha altura superior a 1'2 m. No caso de que non se poida coloca-lo micrófono a 1'5 m da fachada, colocarse o máis aproximado á devandita distancia e farase notar no informe.

- O observador situarase no plano normal ó eixe do micrófono e o máis separado deste e que sexa compatible coa lectura correcta do indicador de medida, intentando evita-lo efecto pantalla.

- Para evita-la distorsión direccional, situarase o sonómetro no punto de medida e será xirado no interior do ángulo sólido determinado por un octante, fixándoo na posición na que a lectura sexa equidistante dos valores extremos así obtidos.

- Para asegura-la fiabilidade das medidas, tódalas medicións que se realicen no exterior requirirán o uso de pantallas protectoras antivento.

- Para evita-lo efecto do vento, se se considera que a velocidade é superior a 3 m/s, desistirse da medición.

- Para evita-lo efecto da humidade, deberanse realiza-las medicións dentro dun grao de humidade compatible coas especificacións do equipo de medida.

5. Valoración do ruído ambiental exterior.

- Cando o nivel sonoro ambiental ou nivel sonoro existente no punto de medición, que será preceptivo determinar previamente, suprimindo a emisión das fontes sonoras obxecto de comparación, supere o nivel límite sonoro establecido ou o nivel de fondo, consideraranse circunstancialmente como límites autorizados.

- A instrumentación utilizada cumprirá as esixencias ICE-651 tipo I ou outro equipo, no que o resultado final sexa igual ó dun sonómetro integrador.

- Presentarase un informe cos resultados obtidos no que se recollerá:

Esquema de situación da zona de medida.

Situación das fontes sonoras (fixas ou móbiles).

Posicións de medida.

Resultados obtidos.

Instrumentación empregada.

Límites en vigor.

Conclusións oportunas.

Artigo 11.

Técnicas de medida das vibracións.

1. Para a determinación dos niveis de vibracións utilizarase, como unidade de medida (m/s²), o valor eficaz da aceleración co parámetro "aceleración en metros por segundo ó cadrado".

2. Para a determinación do nivel continuo da vibración, débese determina-lo valor a, que é o nivel continuo equivalente do aeq, que é o nivel continuo equivalente do valor eficaz da aceleración da vibración durante o período de medida. Deberase especifica-lo tempo de medida, que será como mínimo de 5 minutos no caso de vibracións continuas e cando o ciclo de funcionamento do foco emisor non varía nin fluctúa co tempo. En caso contrario, deberase realizar unha medida de longa duración ou tomar mostras significativas de cada unha das fases de funcionamento do produtor de vibracións para, posterior-

mente, calcula-lo valor termo medio de todos estes valores de acordo coa fórmula:

am = Valor medio

ai = Valor "Aeq" de cada medida.

3. Non se poderán transmitir vibracións das que o seu valor equivalente ou medio, medido o espectro da vibración en 1/3 de oitavas, entre 1 Hz e 80 Hz supere os límites sinalados pola correspondente curva base (da figura 5.a da lei (o dito gráfico de curvas correspóndese co marcado na norma ISO 2631, parte I I-) alomenos nun punto. Para a avaliación das vibracións teranse en conta as seguintes recomendacións á hora de fixa-lo acelerómetro:

1. Situarase no parámetro e no punto de máxima perturbación. Se fora difícil a determinación do citado punto, realízanse varias medicións ata a súa

avaliación.

2. A superficie onde se fixe deberá se-lo máis uniforme e lisa que sexa posible, de modo que se consiga unha transmisión óptima das vibracións.

3. O transdutor deberase fixar da forma máis adecuada para cada caso, de xeito que se garanta unha correcta transmisión das vibracións.

Artigo 12.

Técnicas de medida do illamento a ruído aéreo.

A. Illamento a ruído aéreo de paredes interiores, teitos e portas entre locais.

1. O illamento a ruído aéreo en dB(A) é a expresión en dB(A), do illamento acústico aparente, medido segundo as condicións sinaladas na norma UNE 74-040/4. Entre dúas salas, calcúlase a partir da diferenza de niveis de presión sonora entre o recinto fonte e o receptor, máis un factor que teña en conta a absorción da sala receptora. $R = L_1 - L_2 + 10 \log S/A$ dB. As medidas de illamento acústico realízanse en condicións de campo difuso. Polo que a fonte de ruído debe estar colocada de xeito que produza un campo o máis difuso posible e a unha distancia ta da mostra que a radicación directa sobre esta non sexa a predominante.

2. Excitación do recinto fonte. O son producido na sala de emisión debe ser estable e ter un espectro continuo no intervalo de frecuencias considerado. Deben utilizarse filtros cunha largura de banda de polo menos 1/3 de oitava. Desta forma, a fonte de ruído será un sistema portátil que xere ruído en bandas largas e estreitas e que produza un nivel sonoro o suficientemente elevado para a realización de medidas precisas.

3. Medida do nivel medio de presión acústica. Os niveis medios de presión sonora deben medirse sucesivamente no recinto emisor e no recinto receptor. O nivel medio de presión acústica debe medirse utilizando un certo número de posicións fixas de micrófono e o nivel medio na sala receptora debe supera-lo ruído de fondo en polo menos 10 dB.

4. Medida da área de absorción equivalente da sala receptora. Medirase a partir do tempo de reverberación, medido segundo a norma UNE 74-041 e valorarase utilizando a fórmula $A = 0,163 V/T$.

B. Illamento a ruído aéreo de fachadas.

B1. Utilizando o ruído de tráfico.

1. Neste caso, o campo sonoro externo nunca é difuso e o ruído pode chegar desde varios ángulos de incidencia e a miúdo varía moito en amplitude. Por iso, o illamento sonoro dunha fachada exprésase pola diferenza entre os niveis continuos equivalentes diante da fachada e na sala receptora, medidos ámbolos dous ó mesmo tempo.

$Rtr = Leq,1 - Leq,2 + 10 \log S/A$ dB, $Leq, 1$, nivel de presión sonora continuo equivalente, a dous metros da mostra. $Leq, 2$, nivel de presión sonora equivalente, promediado na sala receptora. A , é a área de absorción equivalente, en metros cadrados da sala receptora. S , é a área da mostra en metros cadrados.

2. Medida do nivel sonoro equivalente de presión acústica. Ó utilizar como ruído de excitación o de tráfico existente e incidente sobre a mostra, sendo este de intensidade variable, débense empreñar algún dos seguintes procedementos:

– Análise de distribución de ruído, conforme a norma UNE 74-022.

– Analizadores de dúas canles en tempo real.

– Utilización de dous analizadores dunha soa canle no mesmo tempo.

– Rexistrando os sinais de ruído cun gravador de dúas pistas e avaliando os sinais dentro dos mesmos intervalos de tempo.

3. Medida da área de absorción equivalente da sala receptora. Mediranse a partir do tempo de reverberación, medido segundo a norma UNE 74-041 e valorarase utilizando a fórmula $A = 0,163 V/T$.

B2. Utilizando o ruído de altafalante.

1. En ausencia de ruído de tráfico, ou cando a liña de tráfico non é suficientemente longa, pódese utiliza-lo altafalante como fonte de ruído xa que, neste caso, o campo sonoro externo chega desde un único ángulo de incidencia. O illamento sonoro dunha fachada, por este método, exprésase pola diferenza entre o nivel medio de presión acústica en fronte da mostra (sen o efecto de reflexión da fachada)

e o nivel medio de presión acústica na sala receptora. Polo tanto, expresarase o illamento para cada ángulo de incidencia. O ángulo de incidencia utilizado normalmente será o de 45° , empreñándose tamén os de 0° , 15° , 30° , 60° e 75° .

$$R\emptyset = L''1 - L2 + 10 \log 4S \cos \emptyset / A \text{ dB.}$$

$L''1$. Nivel de presión sonora inmediatamente en fronte da mostra.

$L2$. Nivel medio de presión sonora na sala receptora.

$\emptyset$. Ángulo de incidencia (formado pola recta que une o altafalante e o centro da mostra e perpendiculará superficie da mostra).

A . É a área de absorción equivalente, en metros cadrados da sala receptora.

S . É a área da mostra en metros cadrados.

2. Producción do campo acústico. A colocación do altafalante e a súa distancia á mostra deben elixirse de tal xeito que a mostra se excite uniformemente.

Non debendo superarse diferenzas de 5 dB sobre puntos da mostra. O altafalante debe colocarse tan próximo ó chan como sexa posible e preferentemente sobre o chan.

3. Medida dos niveis medios de presión acústica.

Obtense o nivel medio de presión acústica $L''1$ a partir da radiación sonora do altafalante en campo libre. O micrófono debe situarse á mesma distancia do altafalante, que estará na superficie da mostra. Débese toma-la medida dos niveis de presión acústica sobre unha superficie que corresponde á área da mostra.

4. Medida do nivel de presión acústica da sala receptora. O nivel de presión acústica da sala receptora debe ser unha media espacio-temporal, utilizando un certo número de posicións fixas do micrófono ou ben un micrófono móbil con sistema de integración p2.

As posicións do micrófono deben situarse fóra do campo próximo da mostra.

5. Medida da área de absorción equivalente da sala receptora. Medirase a partir do tempo de reverberación, medido segundo a norma UNE 74-041 e valorarase utilizando a fórmula $A = 0,163 V/T$.

TTITULO II.-NIVEIS DE RUÍDOS E VIBRACIÓN ADMISIBLE.

Artigo 13.

Zonas de sensibilidade acústica.

1. Son zonas de sensibilidade acústica para os efectos da aplicación das presentes ordenanzas as sinaladas a continuación e que se clasifican en función daquela parte do territorio que presenta un mesmo rango de percepción acústica.

2. Zonas de sensibilidade e tipos de recintos:

a) Zona de alta sensibilidade acústica: comprende tódolos sectores do territorio que admiten unha protección alta contra o ruído, como áreas sanitarias, docentes, culturais ou espazos protexidos.

b) Zona de moderada sensibilidade acústica: comprende tódolos sectores do territorio que admiten unha percepción do nivel sonoro medio, como vivendas, hoteis ou zonas de especial protección como os centros históricos.

c) Zona de baixa sensibilidade acústica: comprende tódolos sectores do territorio que admiten unha percepción do nivel sonoro elevado, como restaurantes, bares, locais ou centros comerciais.

d) Zona de servidume: comprende os sectores do territorio afectados por servidumes sonoras a favor de sistemas xerais de infraestruturas viarias, ferroviarias u outros equipos públicos que a reclamen.

e) Zonas específicas xustificadas polo usos do solo ou a concorrencia doutras causas.

As zonas referidas con anterioridade, agás a zona de servidume, teñen adscritos cinco tipos de recintos, que se clasifican segundo os usos en:

– Tipo I: dormitorios de edificios sanitarios, clínicas ou centros de descanso, auditorios, teatros de ópera.

– Tipo II: dormitorios en vivendas, consultorios médicos, dormitorios de hoteis, teatros.

– Tipo III: salas de estar, aulas de ensino, centros de culto, bibliotecas, oficinas de dirección, cines, salas de exposicións, museos.

– Tipo IV: usos comúns de vivendas, corredores, cociñas, recibidores, salas de espera, laboratorios.

– Tipo V: comercios, restaurantes, polideportivos, piscinas cubertas, estacións de viaxeiros

3. O plan xeral de ordenación municipal delimitará as zonas de sensibilidade acústica. No suposto de que o plan non o dispoña, as zonas virán delimitadas polo uso predominante existente en cada unha delas.

Artigo 14.

1. Os valores de recepción son os niveis de avaliación máximos permitidos no ambiente exterior ou no interior e fíxanse en función do período horario e da zona de sensibilidade acústica de acordo coa Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica.

2. Os valores de recepción do ruído no ambiente exterior son os seguintes:

Z = Zonas de sensibilidade acústica.

(1) De 08.00 horas a 22.00 horas LpAeq.

(2) De 22.00 horas a 08.00 horas LpAeq.

Z	(1)	(2)
A	60	50
B	65	55
C	70	60
D	75	65

Zona de servidume:

A zona de servidume sonora derivada da existencia ou pre-
visión de focos emisores de ruído e/ou vibracións, como poden
se-las infraestructuras viarias, as ferroviarias ou outros equipos
públicos que o reclamen, será delimitada polo órgano adminis-
trativo competente.

A zona de servidume abranguerá o territorio do contorno
do foco emisor e delimitarase nos puntos do territorio, ou curva
isófona, onde se midan os valores guía de recepción no am-
biente exterior que correspondan de acordo coas zonas de sen-
sibilidade acústica.

No caso de que pola zona de sensibilidade acústica, A,
transcorra unha autoestrada, a zona de servidume derivada
desta comprenderá o territorio do contorno da autoestrada ata
os puntos do espacio delimitado pola curva isófona 60 dB(A).

Excepcionalmente, poderá autorizarse unha ampliación
determinada de carácter temporal e xustificada, nos niveis má-
ximos, nuns puntos determinados do termo municipal, aten-
dendo eventos singulares programados, tales como celebra-
cións, feiras, festas ou manifestacións, ó mesmo tempo que se
darán as ordes precisas para reducir ó máximo as molestias ós
cidadáns.

3. Os valores de recepción do ruído no ambiente
interior son os seguintes:

Z= Zonas de sensibilidade acústica.

(1) De 08.00 horas a 22.00 horas LpAeq.

(2) De 22.00 horas a 08.00 horas LpAeq.

Z	(1)	(2)
A	30	25
B	35	30
C, D	40	35

Artigo 15.


1.–Ningún aparato mecánico poderá transmitir ós elemen-
tos sólidos que compoñen a compartimentación do recinto re-
ceptor, niveis de vibración superiores ós sinalados no anexo A
da norma ISO-2631-2, e que son os seguintes:

ESTANDARES LIMITADORES PARA A TRANSMISION DE VIBRACIONES		
Uso de recinto afectado	Periodo	Curva base
SANITARIO	DIURNO	1
	NOCTURNO	1
RESIDENCIAL	DIURNO	2
	NOCTURNO	1,4
OFICINAS	DIURNO	4
	NOCTURNO	4
ALMACEN E COMERCIAL	DIURNO	8
	NOCTURNO	8

2.–Ós efectos do establecido tanto no artigo 11 como no
apartado anterior, consideraranse as curvas base que se deta-
llan no gráfico adxunto ó presente Título como cadro II, de
vibracións de edificios, da norma ISO-2631-2, transcrita na Lei
7/1997, do 11 de agosto.

Cadro II

CURVAS PARA DETERMINA-LAS MOLESTIAS POR VIBRACIONES NOS EDIFICIOS



TÍTULO III.-CONDICIONES ESIXIBLES ÁS ACTIVIDADES RELACIONADAS COS USOS INDUSTRIAIS, TERCIARIO E EQUIPAMENTO

Artigo 16.

1. Tódalas actividades industriais, comerciais e de servizos susceptibles de producir rúidos e vibracións quedan sometidas ó disposto neste título.

2. En todo caso, a transmisión de rúidos e vibracións orixinados como consecuencia daquelas actividades deberá axustarse ós límites establecidos na presente ordenanza e no título II do anexo da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica. Os titulares destas actividades estarán obrigados a adoptar as medidas de insonorización das fontes sonoras e de illamento acústico dos locais para cumprir en cada caso as prescricións establecidas.

Artigo 17.

1. De acordo co previsto no artigo 4.3º da Lei 7/1997, do 11 de agosto, as actividades que produzan unha perturbación por ruído ou vibracións deberán someterse ó procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

2. Para o disposto no punto anterior, en tódolos proxectos de obras ou instalacións industriais, comerciais e de servizos que poidan provocar rúidos ou vibracións incluírase un estudo acústico xustificativo do cumprimento das medidas establecidas na Lei 7/1997 de protección contra a contaminación acústica, e demais normas técnicas, que abranguerá as determinacións recollidas nos parágrafos 2, 4, 5 e 6 do artigo 11 do Decreto 150/1999, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de protección contra a contaminación acústica, así como o seu orzamento e planos coas indicacións do parágrafo 3 do devandito artigo. Tódalas obras, instalacións ou actividades que, de conformidade co dispostona normativa estatal básica sobre a materia e na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, estean sometidas a un procedemento de avaliación de impacto ambiental ou de avaliación de efectos ambientais deberán conter un estudio acreditativo do seu impacto acústico de acordo coas esixencias definidas no capítulo III do Regulamento de protección contra a contaminación acústica, aprobado polo Decreto 150/1999, do 7 de maio. Na declaración que se dicte, que terá carácter vinculante, deberanse impoñer as medidas correctoras precisas.

3. Os estudos de proxectos de actividades clasificadas e/ou suxeitas ó regulamento de espectáculos e actividades recreativas, conterán as medidas específicas adicionais prescritas no Título IV da presente ordenanza.

4. Non serán esixibles as medidas específicas adicionais do Título IV da presente disposición ós proxectos daqueles establecementos cun horario de funcionamento que sexa exclusivamente o comprendido entre as 8 e as 22 horas e cuns aparellos musicais que sexan unicamente radio, televisión e fío musical cun nivel de emisión interno (NEI) máximo de 75 dB (A). En calquera caso, nestes supostos os establecementos disporán dun illamento mínimo ó ruído aéreo de 50 dB (A).

Artigo 18.

Licencia de apertura.

Non se outorgará licencia de apertura das instalacións, das actividades ou dos establecementos sometidos a esta disposición se os proxectos presentados polos interesados non se axustan ó disposto neste regulamento e demais normas de aplicación. Así mesmo, non se poderá iniciar a actividade ou poñer en funcionamento as instalacións mentres non estea comprobado que cumpren a normativa sobre contaminación acústica po-

los órganos inspectores ou mediante certificación expedida por empresas ou entidades homologadas.

Artigo 18.

Medidas correctoras e controis.

Nas licencias de apertura e nas declaracións de incidencia ambiental deberán sinalarse as medidas correctoras e os controis que deberán cumprilas actividades e instalacións, indicándose expresamente que o incumprimento destas pode dar lugar á revogación daquelas licencias ou autorizacións.

Artigo 20.

Inspeccións.

Unha vez iniciada a actividade ou postas en funcionamento as instalacións, realizaranse as inspeccións precisas para comprobar que as actividades ou instalacións cumpren a normativa. Como consecuencia destas, poderán incoarse os correspondentes procedementos sancionadores ou ben acordar medidas correctoras ou de control. As comprobacións ás que se refire este parágrafo rexeranse polo disposto na lexislación ambiental de Galicia.

TÍTULO IV.-ACTIVIDADES DE OCIO, DE ESPECTÁCULOS E RECREATIVAS

Artigo 21

Rúidos no exterior.

1. Os titulares de establecementos serán responsables de velar, para que os usuarios, ó entrar ou saír do local, non produzan molestias á veciñanza.

No caso de que as súas recomendacións non sexan atendidas deberán avisar inmediatamente á policía municipal. Do mesmo xeito actuarán se constatan a consumición de bebidas, expedidas no dito local, fóra do establecemento e dos lugares autorizados. Así mesmo, e sen prexuízo das responsabilidades dos titulares do establecemento, as referidas obrigas serán cumpridas polos dependentes ou encargados que presten servizos no local.

2. Naquelas zonas da cidade onde existan numerosas actividades destinadas ó uso de establecementos abertos ó público sempre que os niveis de recepción no ambiente exterior, producidos pola adición ás múltiples actividades existentes e pola actividade das persoas que utilicen estes establecementos, superen en máis de 3 dB os niveis fixados nesta disposición, o concello establecerá as medidas oportunas, dentro do seu ámbito de competencias, tendentes a diminuí-lo nivel sonoro exterior ata situalo dentro dos límites correctos.

No ANEXO I desta ordenanza desenvólvese o procedemento e efectos da declaración de zonas saturadas por acumulación de ruído, de acordo co previsto no presente artigo.

3. As actividades complementarias no exterior, debidamente autorizadas, desenvolvidas polos establecementos de bar, cafetería ou restauración, café bar e pub (terrazas na vía pública) non estarán sometidas ás limitacións de illamento acústico ou ós límites máximos de ruído permitidos no exterior. Non obstante, en ningún caso se producirán rúidos que superen, en espazos estreitos ou superiores, os valores de recepción que figuran no artigo 14 desta disposición. En todo caso, non poderán situarse ou utilizarse nestes espazos dedicados a estas actividades complementarias equipos de música ou outros reprodutores sonoros, así como aqueloutros elementos susceptibles de xeraren ruído.

4. Os titulares dos establecementos coidarán do mantemento da orde nas terrazas, debendo solicita-la actuación da

policía local en caso de alteración ou molestia esaxerada para a veciñanza. Neste sentido, nas declaracións ou licencias de actividade ou de apertura que se expidan para estes establecementos abertos ó público preverase que o quebranto reiterado deste deber pode comporta-la revogación da autorización ou licenza, logo dun expediente contradictorio instruído para o efecto. Cando o local público no que se desenvolvan actividades de ocio e que dispoña de licenza de espazos abertos produza uns niveis de ruído superior ós permitidos, considerárase ó titular responsable das molestias, séndolle de aplicación o réxime sancionador previsto nesta disposición.

Artigo 22.

Aviso de niveis sonoros.

Tódolos establecementos públicos que dispoñan de equipo musical de elevada potencia, independentemente doutras limitacións establecidas nesta ordenanza, non poderán superar niveis sonoros máximos de 90 dB (A) en ningún punto ó que teñan acceso os clientes ou usuarios, agás que no acceso do referido espazo se coloque o aviso seguinte: "a exposición prolongada ós niveis sonoros do interior poden producir lesións permanentes no oído". O aviso deberá ser perfectamente visible tanto pola súa dimensión como pola súa iluminación.

Artigo 23.

Sonógrafo.

Para o mellor control dos límites sonoros regulados nesta ordenanza, poderá establecerse a obriga, para tódalas actividades de ocio e entretenemento (salas de festa, discotecas, pubs, karaokes, cibercafés, tablaos flamenco, café cantante, café concerto, café teatro e salas de exhibicións especiais), de instalar aparellos de control permanente de emisión fónica (sonógrafo ou caixa negra), deseñados para causa-la interrupción da emisión cando se superen os límites máximos de emisión. O dispositivo de control deberá te-las seguintes prestacións:

- a) Rexistrar e almacena-lo período de funcionamento ruidoso da actividade, cos datos de data e hora de inicio e data e hora de terminación e os correspondentes niveis de inmisión de rúidos.
- b) Rexistrar e almacena-los períodos de funcionamento, con data e hora de acendido e apagado, das fontes sonoras, co obxecto de poder controla-la súa correcta actuación.
- c) Conserva-la información durante doce meses para permiti-la súa inspección posterior.
- d) Dispor dun sistema que lles permita ós servizos municipais realiza-la inspección dos datos de maneira que se poidan trasladar ós sistemas informáticos do servizo de inspección para a súa análise e avaliación, permitindo a impresión deles. Todas estas operacións non serán destructivas dos datos existentes no dispositivo, nin existirá a posibilidade de manipulación deles mediante o sistema informático.
- e) Contar cun dispositivo para evitar posibles manipulacións da caixa negra, mediante claves electrónicas ou claves de acceso.
- f) Os dispositivos de control terán que estar homologados polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

Artigo 24.

Certificado final de obra.

Os locais públicos destinados ó espallamento e ocio terán que dispor do tratamento acústico de paredes, teitos e solos co fin de garanti-los illamentos mínimos requiridos. O certificado final de obra recollerá necesariamente que os materiais proxectados foron instalados.

Artigo 25.

Dobre porta.

Co fin de evita-la transmisión sonora directamente ó exterior, nos establecementos nos que se instale equipo musical de emisión igual ou superior de 80 dB (A), será obrigatoria a instalación dunha dobre porta, con peche automático e dispositivo antipático de apertura manual e constituíndo un vestíbulo cortaventos que configure un espazo intermedio que actúe como cámara de control para impedir que as dúas portas estean abertas ó mesmo tempo. Estas portas deberán permanecer constantemente pechadas a partir das 22 horas, agás para a entrada e saída de persoas.

Artigo 26.

Medidas adicionais específicas do estudio de impacto acústico.

1. Para conceder licenza de apertura dunha actividade con equipo de música ou que inclúa a previsión de actuacións musicais, o estudio de impacto acústico, deberá describir, necesariamente, con carácter específico, os seguintes aspectos da instalación:

- a) Características dos equipos musicais (potencia acústica e gama de frecuencias).
- b) Localización do equipo, emprazamento e número de altolantes e indicación das medidas correctoras.

c) Sistemas de illamento acústico con detalle das pantallas illantes, especificación de gamas de frecuencias e absorción acústica.

2. Previamente á apertura, as entidades acreditadas pola Consellería de Medio Ambiente ou os servizos técnicos municipais comprobarán a instalación reproducindo no equipo a inspeccionar un son co mando do potenciómetro de volume ó máximo nivel e, con esas condicións, medirán o ruído na vivenda ou local máis afectado. O nivel máximo medido non poderá excede-los límites fixados nesta ordenanza.

3. Fíxanse as seguintes medidas correctoras referentes a teitos, cerramentos, solos, piares e altolantes.

1. Teitos:

- a) Reparación de calquera defecto de forxado que separe o local en estudio dos estremeiros evitando con iso os camiños de transmisión do sonido.
- b) Os falsos teitos non deberán ir unidos rixidamente ó teito.
- c) Evitaranse as múltiples perforacións para a iluminación.
- d) Evitaranse todo tipo de unións rixidas de instalacións.
- e) Utilización do material absorbente na cámara de aire entre ámbolos dous teitos.
- f) Nas conduccións de ventilación e aire acondicionado prohibense retornos de aire polos falsos teitos.

g) Os altavoces instalaranse de forma que non exista contacto directo co forxado do local.

h) Instalar debaixo deste teito os conductos da ventilación, climatización e iluminación.

i) No caso de que como consecuencia da aplicación das medidas correctoras previstas no epígrafe h) o local incumpra outras condicións requiridas, o titular a través do estudio de impacto acústico poderá propoñer outras medidas correctoras que deberán ser sometidas á aprobación municipal.

2. Cerramentos laterais e fachadas.

1. Cerramentos de fachadas (exterior na vía pública):

- a) Nos locais de salas de festa, discotecas, pubs, karaokes, cibercafés, tablaos flamenco, café cantante, café concerto, café

teatro e salas de exhibicións especiais onde os niveis de emisión sexan iguais ou superiores a 80 dB (A), as portas deberán permanecer sempre cerradas, consonte prevé o artigo 25.

b) Nos locais destinados a café concerto, café cantante e karaoke, con niveis de emisión de 90 dB (A), deben suprimirse as ventás ou darlles un tratamento especial (dobre ou triple cristal).

2. Cerramento de separación de locais adxacentes.

A magnitude do illamento estará en función dos niveis de ruído que exista no local receptor.

3. Pisos.

Co obxecto de evita-la transmisión directa que ocasionan os altavoces de baixos e os impactos de taconeo ou de baile, establécese como aconsellable a execución de pisos flotantes nestes locais. Esta montaxe será obrigatoria para niveis de ruído de 90 dB (A).

4. Piares.

Para niveis de 90 dB (A) e co obxecto de evita-la transmisión de ruído aéreo ou de impacto a través da estrutura é necesario o illamento desta mediante sistemas masa-resorte como paredes de obra de fábrica de ladrillo apoiados sobre sistemas elásticos.

5. Altavoces.

Prohíbese a ancoraxe das instalacións electroacústicas en teitos, piares e paredes.

Os altavoces de son medio e agudo situaranse suspendidos mediante materiais elásticos evitando as pontes acústicas. Os altavoces de baixos deberán colocarse sobre un bloque de inercia sustentada sobre resortes metálicos de baixa frecuencia de resonancia. Empregaranse preferentemente altavoces de pouca potencia distribuídos homoxeneamente no teito e cun pequeno raio de acción. Está contraindicado o uso de altavoces de grandes niveis de potencia acústica.

Nos locais con niveis iguais a 90 dB (A) leq., deberán separarse as zonas de ruído elevado e pistas de baile das zonas menos ruidosas.

6. Outras condicións.

Deixarase un punto de inspección por cada 50 metros cadrados, no que se poderá observa-lo illamento.

TÍTULO V.-REGULACIÓN DO RUÍDO DO TRÁFICO

Artigo 27.

1. Todo vehículo de tracción mecánica terá en boas condicións de funcionamento o motor, a transmisión, carrocería e demais elementos del capaces de producir ruídos, especialmente o dispositivo silenciador dos gases de escape, co fin de que o nivel sonoro emitido polo vehículo co motor en marcha non exceda dos límites previstos no Decreto 1439/1972, do 25 de maio, sobre homologación de automóbiles respecto ó ruído.

2. Os límites máximos admisibles para ruídos emitidos polos distintos vehículos de motor na circulación serán os establecidos para as emisións de vehículos terrestres, no decreto citado no parágrafo anterior.

3. Consonte o disposto no artigo 10 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, modificado pola Lei 19/2001, do 19 de decembro, non se permitirá a circulación de vehículos con niveis de ruidos superiores ós regulamentariamente establecidos.

Artigo 28.

Conforme o disposto nos artigos 7 e 110 e seguintes do Real decreto 13/1992, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento xeral de circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre o tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, respectaranse as seguintes limitacións:

1.-Queda prohibida a circulación de vehículos a motor con chamado "escape libre" ou con silenciadores non eficaces, incompletos, inadecuados ou deteriorados.

2.-Queda prohibido forza-as marchas dos vehículos de motor producindo ruídos molestos como aceleracións innecesarias, forza-lo motor en pendentes producindo ruídos molestos ou innecesarios, aínda que estivesen dentro dos límites máximos admisibles.

3.-Os conductores de vehículos de motor, agás os que serven en vehículos da policía gubernativa ou municipal, servicios de extinción de incendios e salvamento e outros vehículos destinados ós servicios de urxencia, non poderán facer uso dos dispositivos acústicos en todo o termo municipal durante as 24 horas do día, agás cando se trate de evitar un accidente ou se realice un servizo urxente de auxilio, supostos nos que serán utilizados de forma axeitada e proporcionada.

4.-Así mesmo, prohíbese a circulación de vehículos a motor cando, por exceso de carga, produzan ruídos superiores ós sinalados na lexislación estatal vixente.

Artigo 29.

Restriccións de circulación.

1. De conformidade co artigo 5.3º da Lei 7/1997, do 11 de agosto, nos casos nos que o ruído do tráfico afecte notoriamente a tranquilidade da poboación, o concello poderá sinalar zonas ou vías nas que algunhas clases de vehículos de motor non poderán circular ou deberán facelo de xeito restrinxido en horario e velocidade.

2. Para efectos do establecido no parágrafo anterior, considéranse as zonas que soportan un nivel de ruído, debido ó tráfico rodado, que alcance valores de nivel continuo equivalente (LpAeq) superior a 55 dB durante o período nocturno (de 22 h a 8 h) e a 65 dB no período diúrno (de 8 h a 22 h).

Artigo 30.

Inspección e control.

1. A policía local poderalles esixir ós conductores de vehículos de motor e ciclomotores, que ó seu xuízo excedan os límites de emisión permitidos, o sometemento ás probas de control de ruídos consorte o disposto no artigo 10.6º, inciso segundo, da Lei do 19 de decembro de 2001, de modificación do Real decreto legislativo 339/1990. Así mesmo, e de conformidade co Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, modificado pola Lei 19/2001, do 19 de decembro, os axentes da autoridade poderán inmoviliza-lo vehículo nos casos de superalos niveis de ruídos regulamentariamente permitidos e nos termos previstos no artigo 70.2º do referido real decreto.

2. Os vehículos cun nivel sonoro que exceda os límites máximos establecidos no Decreto 1439/1972, do 25 de maio, sobre homologación de automóbiles respecto o ruído, serán obxecto da correspondente denuncia.

3. Consonte o disposto no artigo 7 do Decreto 1439/1972, do 25 de maio, sobre homologación de vehículos, os axentes de vixilancia do tráfico formularán denuncias por infracción do disposto neste regulamento cando, coa axuda de aparellos medidores de ruído comprobén que o nivel de ruídos producidos por un vehículo en circulación supera os límites sinalados no artigo 6 do devandito decreto. Poderá, así mesmo, ser formula-

da denuncia polos axentes de vixilancia de tráfico sen necesidade de aparellos medidores, cando se trate de vehículos que circulen co chamado "escape libre" ou produzan, por calquera outra causa, un nivel de rúidos que notoriamente superen os límites máximos establecidos.

O titular do vehículo denunciado poderá unir ó prego de descargo, certificación expedida pola Delegación Provincial da Consellería de Industria e Comercio ou empresa homologada, na que se faga consta-lo nivel de ruído comprobado pola mesma, sempre que presente o vehículo ante aquel organismo no prazo dos dous días hábiles seguintes á entrega ou recepción do boletín de denuncia.

Artigo 31.

A infracción das normas contidas neste Título carrexará ós infractores, con independencia doutras responsabilidades legalmente esixibles, a imposición das correspondentes sancións. O concello, xunto coa sanción imposta, indicará ó infractor o prazo en que debe corrixi-la causa que dese lugar á mesma.

TÍTULO VI. CONDICIÓNES ESIXIBLES Á EDIFICACIÓN

Artigo 32.

Concepto de edificación.

Considéranse sometidas para os efectos desta disposición os edificios destinados a calquera dos seguintes usos:

- Residencial privado, no que se entenden incluídos todo tipo de vivendas.
- Residencial público, así hoteis, asilos, e demais establecementos hoteleiros.
- Administrativos e de oficinas.
- Sanitarios, nos que se inclúen hospitais, clínicas e outros centros sanitarios.
- Docentes, tales como escolas e universidades.

Artigo 33.

Condicións acústicas.

1. Os diversos elementos constructivos dos edificios definidos con anterioridade, deben cumprí-las condicións acústicas determinadas no capítulo III da norma básica de edificación (NBE-CA-88, Orde do 29 de setembro de 1988, BOE nº 242, do 8 de outubro).

2. De coexistir nun mesmo edificio varios usos dos definidos no artigo anterior, aplicaranse as condicións acústicas da NBE a cada local por separado, e nos elementos constructivos de común unión entre varios locais, aplicaranse as imposicións máis esixentes dos locais afectados.

3. Exceptúanse do punto anterior os forxados constitutivos da primeira planta da edificación cando a dita planta sexa de uso residencial e na planta baixa se poidan localizar, conforme o planeamento, usos susceptibles de producir molestias por rúidos ou vibracións. Nestes casos, o illamento acústico bruto ó ruído aéreo esixible será de, polo menos, 55 dB (A)

Artigo 34.

Maquinaria e instalacións.

1. Os aparatos elevadores, as instalacións de ventilación e acondicionamento do aire e as súas torres de refrixeración, a distribución e evacuación de augas, a transformación da enerxía eléctrica e demais servizos dos edificios serán instalados coas precaucións de localización e illamento que lles garanten un nivel de transmisión sonora ós locais e ambientes próximos

que cumpran co disposto no título II do anexo da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica.

2. Co fin de evitar no posible a transmisión de ruído a través da estrutura da edificación, deberán terse en conta as seguintes normas:

a) Todo elemento con órganos móbiles manterase en perfecto estado de conservación, principalmente o que se refire á suavidade dos seus rodamentos.

b) Non se permitirá a ancoraxe directa de máquinas ou soporte delas nas paredes medianeiras, teitos ou forxados de separación de recintos, senón que se realizará interpoñendo os adecuados dispositivos antivibratorios.

c) As máquinas de arrinque violento, as que traballen por golpes ou choques bruscos e as dotadas de órganos con movemento alternativo deberán estar ancoradas en bancadas independentes, sobre o chan e illadas da estrutura da edificación por medio dos adecuados dispositivos antivibratorios.

d) Os conductos polos que circulen fluídos líquidos ou gasosos de forma forzada, conectados directamente con máquinas que teñan órganos en movemento, disporán de dispositivos de separación que impidan a transmisión das vibracións xeradas en tales máquinas. As bridas e os soportes dos conductos terán elementos antivibratorios. As aberturas dos muros para o paso das conducións dotaranse de materiais antivibratorios.

e) Nos circuitos de auga evitarase a produción de golpes de elevadores hidráulicos, e as seccións e disposición das válvulas e billas deberán ser tal que o fluído circule por elas en réxime laminar para os gastos nominais.

Artigo 35.

Certificación de illamento acústico.

A partir da presentación do correspondente certificado de fin de obra, o concello procederá a comproba-lo cumprimento das prescricións establecidas neste título, comprobación que poderá omitirse se a achegan os promotores, xunto coa anterior certificación, certificado de illamento acústico expedido por empresas ou entidades homologadas pola Consellería de Medio Ambiente.

Non se concederá a licenza de primeira ocupación sen o informe favorable sobre o cumprimento dos requisitos acústicos esixidos.

O procedemento regulador de homologación das empresas ou entidades para efectuar mediacións en contaminación acústica e vibracións será o establecido no capítulo II do Decreto 150/1999, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de protección contra a contaminación acústica.

TÍTULO VII.-ACTIVIDADES VARIAS

Artigo 36.

Actividades varias.

1. A produción de rúidos e vibracións na vía pública, nas zonas de pública concorrencia ou no interior dos edificios, non poderá superar, tanto de día como de noite, os límites establecidos nesta norma para garantir unha correcta convivencia cidadá.

2. Os donos de animais domésticos deben de evitar calquera tipo de ruído provocado polos animais entre as 10 de noite e as 8 da mañá para velar pola tranquilidade dos veciños. No resto das horas que compoñen o día, non se permitirá que o nivel de rúidos producidos polos animais, exceda os límites da boa convivencia e en ningún caso os valores establecidos nesta

disposición. O dono será responsable do ruído producido polos seus animais.

3. Os propietarios ou usuarios de aparellos produtores de son e instrumentos musicais ou acústicos, que fagan uso deles, xa sexa no propio domicilio ou en zonas públicas, non deberá exceder os límites de ruído establecidos. Soamente nos casos excepcionais se poderá exceder destes límites se o concello concede a autorización oportuna.

4. Comportamento nocturno. Entre as 10 da noite e as 8 da mañá queda prohibido:

a) Cantar, usar instrumentos musicais ou semellantes, berrear ou vociferar.

b) Realizar reparación domésticas ou traballos que produzan molestias, agás autorización expresa.

c) Realizar traballos de bricolaxe cando os ruídos ou vibracións superen os niveis permitidos.

d) Utilizar aparatos domésticos se emiten un nivel de ruído superior ó permitido nesta ordenanza.

5. Calquera outra actividade ou comportamento singular ou colectivo, non comprendido nos puntos precedentes deste capítulo, que comporte unha perturbación por ruídos para a veciñanza, evitable coa observancia dunha conducta cívica normal, será sancionado conforme o establecido nesta ordenanza.

Artigo 37.

Traballos na vía pública e na edificación.

1. Nos traballos realizados tanto na vía pública como na edificación non se autorizará o emprego de maquinaria que teña un nivel de emisión externo (NEE) superior a 90 dB (A), medidos na forma que se fixa regulamentariamente.

2. Os traballos realizados tanto na vía pública como na edificación non poderán realizarse entre as 22 horas e as 8 horas do día seguinte se producen niveis sonoros superiores ó establecido con carácter xeral neste decreto.

3. Exceptúanse da prohibición anterior as obras urxentes, as que se realicen por razóns de necesidade ou perigo e aquelas que polos seus inconvenientes non poidan levarse a cabo durante o día. O traballo nocturno deberá ser expresamente autorizado polo concello, que determinará os límites sonoros que deberá cumprir en función das circunstancias que concorran en cada caso, sen prexuízo do establecido na lexislación laboral.

Artigo 38.

Carga e descarga.

1. Prohibense as actividades de carga e descarga de mercancías, manipulación de caixas, contedores, materiais de construción e obxectos similares na vía pública, entre as 22 horas e as 8 horas do día seguinte, cando estas operacións superen os límites sonoros establecidos no presente regulamento.

É preceptiva a autorización municipal expresa para aquelas actividades que xustifiquen tecnicamente a imposibilidade de respectar os límites establecidos.

2. No horario restante da xornada laboral, estas actividades deberán realizarse co máximo coidado a fin de minimizar as molestias e reducilas ás estritamente necesarias.

Artigo 39.

Limpeza e recollida de lixo.

O servizo público nocturno de limpeza e recollida de lixo adoptará as medidas e as precaucións necesarias para reducir ó mínimo o nivel de perturbación da tranquilidade cidadá.

Nos pregos das cláusulas administrativas particulares deste servizo especificaranse, entre as condicións de execución, os valores límites de emisión sonora aplicables ós vehículos e á actividade que estes realizan.

Artigo 40.

Dispositivos sonoros.

1. Con carácter xeral non se permitirá o emprego de ningún dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso ou espallamento.

Esta prohibición non rexerá nos casos de alarma, urxencia ou especial significación cidadá determinada polo concello.

2. Para os efectos desta disposición enténdese como sistemas de alarma todo dispositivo sonoro que teña por finalidade indicar unha manipulación sen autorización dunha instalación, ben ou local.

3. Co fin de evitar ou minimizar as molestias ocasionadas polos sistemas de alarma, deberán terse en conta as normas establecidas nos seguintes puntos:

a) Os propietarios das alarmas deberán poñer en coñecemento da policía municipal os seus datos persoais para que, unha vez avisados do seu funcionamento anómalo, procedan de inmediato a súa interrupción.

O descoñecemento do titular ou persoa responsable por parte da policía municipal será entendido como autorización tácita a favor desta para o uso dos medios necesarios para interromper o sistema de aviso.

A anterior medida enténdese sen prexuízo da imposición da correspondente sanción, cando as molestias deriven de actos imputables á actuación do propietario ou industrial subministrador, como consecuencia dunha deficiente instalación do aparello ou dunha falta das operacións necesarias para mantelo en bo estado de conservación.

b) Prohíbese a activación voluntaria dos sistemas de alarma, agás nos casos de proba e ensaio que se indican:

* Iniciais: serán os casos que se realicen inmediatamente despois das instalacións para comproba-lo seu funcionamento. Poderán efectuarse entre as 10 e as 18 horas da xornada laboral.

* Rutineiras: serán as de comprobación periódica do correcto funcionamento dos sistemas de alarma. Só poderán realizarse unha vez ó ano e nun intervalo máximo de 5 minutos, dentro dos horarios anteriormente indicados da xornada laboral.

A policía local deberá coñecer previamente, o plan destas comprobacións coa expresión do día e hora na que se van realizar.

TÍTULO VIII.—RÉXIME XURÍDICO

Capítulo I.—NORMATIVA APLICABLE

Artigo 41.

Para o non previsto nesta disposición, será de aplicación:

— A Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica desenvolvida a través do Regulamento de protección contra a contaminación acústica, aprobado polo Decreto 150/1999, do 7 de maio.

— A Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

— O Decreto 156/1995, do 3 de xuño, de inspección ambiental.

– O capítulo II do título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

– O Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

– Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.

– Lei 19/2001, do 19 de decembro, de reforma do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.

– Decreto 2414/1961, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.

– Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local.

Capítulo II.-INSPECCIÓN E VIXILANCIA

Artigo 42.

Competencia.

1. Correspóndelle ó concello exercer-lo control do cumprimento do previsto na presente disposición, conforme o disposto no capítulo II do título III da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, no referente ás denuncias e ás actuacións de inspección e vixilancia.

2. Cando o concello se considere imposibilitado para o exercicio da competencia de inspección, poderá solicita-lo auxilio en tal función á Administración autonómica, ou ás empresas habilitadas ó respecto pola Xunta de Galicia, de acordo co estipulado no artigo 25 da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica.

Artigo 43.

Actividade de inspección.

1. O persoal do concello, debidamente identificado, poderá levar a cabo visita de inspección ás actividades que se veñan desenvolvendo e ás instalacións en funcionamento para os efectos de comproba-lo cumprimento das determinacións das presentes ordenanzas.

Cando para a realización de inspeccións sexa necesario entrar nun domicilio será preceptiva a correspondente autorización xudicial. Nos demais supostos, o persoal, debidamente identificado, estará facultado para acceder ás instalacións ou establecementos, se é o caso, sen previo aviso.

Os propietarios dos establecementos e actividades productoras de rúidos e vibracións deberá permiti-lainspección e facilitala.

2. As visitas de inspección poderán levarse a cabo por propia iniciativa municipal ou logo de solicitude de calquera interesado dirixida á autoridade administrativa competente. As solicitudes conterán, ademais dos datos esixibles ás instancias na legislación que regula o procedemento administrativo, os datos precisos para a realización da visita de inspección.

Nos casos de recoñecida urxencia, cando os rúidos resulten altamente perturbadores ou cando sobreveñan ocasionalmente por uso abusivo, deterioración ou deficiente funcionamento das instalacións, aparellos ou equipos, a solicitude de visita de inspección poderá formularse directamente ante os servizos de inspección tanto de palabra como por escrito.

3. As visitas de inspección realizaranse tendo en conta as características do ruído e das vibracións. Para ese fin as medicións relativas ó ruído obxectivo realizaranse previa citación

do responsable do foco ruidoso e as medicións relativas ó ruído subxectivo practicaranse sen coñecemento do titular, sen prexuízo de que neste último caso poida ofrecerse ó responsable do foco ruidoso unha nova medición na súa presenza para o seu coñecemento.

4. Unha vez concluídas as medicións entregarase ós interesados unha copia do resultado delas. As actas emitidas polos órganos competentes gozan de presunción de veracidade en canto ós feitos contados nelas e constitúen proba dabondo para os efectos do correspondente procedemento sancionador, non sendo que se achegue polos interesados algunha proba en contrario. Tal presunción esténdese ás medicións realizadas con instrumentos que reúnen os requisitos regulamentarios establecidos no punto 6 do Regulamento de protección contra a contaminación acústica.

Capítulo III.-RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 44.

Infraccións.

Consideraranse infraccións administrativas as accións ou omisións que contraveñan as disposicións deste regulamento. As infraccións clasifícanse en leves, graves ou moi graves, de conformidade co tipificado nos artigos seguintes, de acordo co establecido no capítulo III, título III da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica.

Artigo 45.

Constitúe falta leve:

- a) A superación dos límites admitidos ata 5 dB (A).
- b) A transmisión de niveis de vibración correspondente á curva base inmediatamente superior á máxima admitida para cada situación (anexo Lei 7/1997, do 11 de agosto).
- c) Calquera outra infracción ás normas da Lei 7/1997, do 11 de agosto, non cualificada expresamente como falta grave ou moi grave, conforme o disposto no seu artigo 13º.
- d) A circulación de vehículos de motor co escape libre e con silenciadores ineficaces, incompletos, inadecuados ou deteriorados.
- e) A non presentación dos vehículos ás inspeccións.
- f) A contravención das obrigas previstas nos parágrafos 2, 3, 4 e 5 do artigo 36 desta ordenanza

Artigo 46.

Constitúe falta grave:

- a) A superación en máis de 5 dB (A) dos valores límite admitidos.
- b) A transmisión de niveis de vibración correspondentes a dúas curvas base inmediatamente superiores á máxima admitida para cada situación (anexo Lei 7/1997, do 11 de agosto).
- c) A vulneración expresa dos requirimentos municipais para a corrección das deficiencias observadas.
- d) A negativa ou obstrución ó labor inspector. Considérase, en todo caso, como resistencia á actuación inspectora impedirlles ós funcionarios competentes a entrada ós recintos e locais onde deban realizarse as inspeccións, sempre e cando a Administración actuante observase os requisitos formais establecidos neste regulamento.
- e) A reincidencia en faltas leves no prazo de doce meses.
- f) A iniciación de actividades ou a apertura de establecementos e instalacións susceptibles de producir rúidos ou vibracións sen obte-la previa autorización ou licenza.

g) A transgresión ou incumprimento das condicións correctoras sinaladas polo órgano competente. Neste último suposto, os suxeitos responsables poderán evita-la imposición de sanción se proceden voluntariamente á paralización ou non iniciación da actividade.

Artigo 47.

Constitúen faltas moi graves:

a) A superación en máis de 15 dB (A) dos valores límite admitidos.

b) A transmisión de niveis de vibración correspondente a máis de dúas curvas base inmediatamente superiores á máxima admitida para cada situación (anexo Lei 7/1997, do 11 de agosto).

c) A reincidencia en faltas graves no prazo de 12 meses.

d) O incumprimento das ordes de clausura dos establecementos ou de paralización da actividade acordadas pola autoridade competente.

Artigo 48.

Sancións.

As infraccións ós preceptos deste regulamento sancionaranse de acordo co establecido na Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica.

a) Infraccións leves, con multa desde 60,10 ata 1.502,53 euros.

b) Infraccións graves, con multa dende 1.502,54 ata 9.015,18 euros, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por un espazo de tempo non superior a seis meses.

c) Infraccións moi graves, con multa dende 9.015,19 ata 60.101,21 euros, clausura do establecemento ou paralización da actividade por espazo superior a seis meses ou con carácter definitivo.

Artigo 49.

Atenuantes.

Sempre que a comisión da infracción se produza por primeira vez e a corrección da emisión de ruído que orixinou a sanción se fíxese nun prazo de 48 horas, reducíndoa ó nivel autorizado, a sanción imporase no seu grao mínimo. En todo caso, o prazo computarase a partir da comprobación da comisión da infracción.

Artigo 50.

Clausura.

A sanción de clausura temporal ou definitiva poderá impoñerse naquelas infraccións nas que se aprecie reiterada resistencia ó cumprimento do ordenado pola alcaldía ou manifesta actitude do titular da instalación no sentido de dificultar, falsear ou desvirtuar-lo resultado da inspección.

Artigo 51.

Medidas complementarias.

Na resolución que poña fin ó procedemento sancionador poderá acordarse, á parte da imposición da sanción correspondente, a adopción de medidas correctoras, así como a indemnización dos danos e perdas ocasionados como consecuencia da actividade infractora. Para a execución dos ditos actos, se o infractor non os cumprixe voluntariamente no prazo que se lle sinala, poderán impoñérselle multas coercitivas sucesivas de ata 3.005,06 euros cada unha. Igualmente poderá ordenarse a execución subsidiaria nos termos previstos no artigo 98 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 52.

Prescripción.

As infraccións ás que se refire este regulamento prescribirán nos seguintes prazos, desde a comisión do feito:

a) Seis meses, no caso de infraccións leves.

b) Dous anos, no caso de infraccións graves.

c) Catro anos, no caso de infraccións moi graves.

Artigo 53.

Medidas cautelares.

Coa independencia das demais medidas que se adopten para garanti-la eficacia da resolución que no seu momento se dicte, con carácter cautelar o concello poderá acordar-la inmediata adopción de medidas correctoras imprescindibles para evita-los danos ou molestias graves que se estean ocasionando como consecuencia das actividades presuntamente infractoras. Igualmente, e co mesmo carácter cautelar, poderá acordarse a paralización da actividade ou a clausura das instalacións ou dos establecementos cando a produción de ruidos ou vibracións supere os niveis establecidos para a súa tipificación como falta moi grave, ou ben cando, acordada a adopción de medidas correctoras, o requirimento municipal resultase incumplido no prazo que para os efectos se sinala. Tamén poderá acordarse o precinto de equipos, así como calquera outra medida que se considere imprescindible para evita-la persistencia na actuación infractora. Estas medidas adoptaranse despois de audiencia do interesado, por un prazo de cinco días, excepto naqueles casos que esixan unha actuación inmediata.

Disposicións adicionais.

Primeira.

O réxime que establece a presente Ordenanza enténdese sen prexuízo das intervencións que correspondan a outros organismos da Administración na esfera das súas respectivas competencias.

Segunda.

Ós catro anos de entrada en vigor da presente Ordenanza procederase a analiza-los seus resultados e propoñer, no seu caso, a modificación daqueles extremos que se consideren oportunos.

Disposicións transitorias.

Primeira.

1.-As disposicións contidas nos Títulos I, II, VI, VII aplicaranse a tódalas actividades e instalacións existentes no momento da entrada en vigor da presente Ordenanza, con independencia da data en que se obtivese a autorización.

2.-Aquelas actividades ou instalacións que produzan ruído do cualificado como obxectivo por esta Ordenanza superior ós niveis máximos admisibles, así como niveis de vibración superior ó establecido na Ordenanza, disporán dun prazo de seis meses para adapta-os establecementos a fin de garantir en todo momento o respecto ós niveis autorizados.

3.-En todo caso as actividades e instalacións existentes deberán cumpri-as esixencias de funcionamento establecidas con anterioridade á entrada en vigor da Ordenanza.

Segunda.

Os establecementos públicos con licencia de instalación outorgada con anterioridade á entrada en vigor da presente or-

denanza deberán adaptarse ó disposto na presente disposición nos casos seguintes:

Cando se realicen modificacións, ampliacións ou reformas que excedan das obras de mera hixiene, ornato ou conservación.

Cando se transmita a licencia dos establecementos do cal o illamento sexa inferior en máis de 5 dB (A) ó esixido na presente disposición e se impuxese no ano inmediatamente anterior algunha sanción por incumprimento dos niveis de ruído ou vibracións.

Cando así se impona como esixencia para a reapertura dos establecementos clausurados por incumprimento dos niveis fixados na Ordenanza e conforme ó procedemento establecido no Título VIII.

Terceira.

Aquelas construcións con licencia de obra outorgada con anterioridade á entrada en vigor da Ordenanza deberán cumprir as condicións que lexítimamente houbera establecido a licencia, nembargantes no prazo máximo de dous anos a contar desde a entrada en vigor do presente documento, esas construcións deberán axeitarse na súa totalidade ó disposto nesta Ordenanza, quedando todas elas plenamente incluídas na súa aplicación.

Disposición final.

Esta Ordenanza entrará en vigor ós trinta días naturais da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e transcorrerá o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, quedando derogadas cantas disposicións municipais se opoñan ou contradigan os seus preceptos."

ANEXO I

PROCEDEMENTO E EFECTOS DA DECLARACIÓN DE Z.A.S.

1.-ZONAS SATURADAS. DEFINICIÓN. DECLARACIÓN

1.1. Defínense como Zonas Acústicamente Saturadas –en diante Z.A.S.– aquelas zonas ou lugares do Concello de Narón nas que se produce unha elevada contaminación acústica debido á existencia de numerosos locais de espectáculos, establecementos públicos e actividades recreativas, á actividade das persoas que os utilizan e ó ruído producido polos vehículos que transitan polas devanditas zonas e, a consecuencia de iso, unha acusada agresión ós cidadáns, necesitando de especiais medidas para aumentar a calidade de vida dos residentes nelas. Tendo en conta que ditas causas de contaminación desenrólanse fundamentalmente no período nocturno, 22 h a 08 h, e que ademais é neste período onde as molestias sobor da poboación son o poden ser máis acusadas, a clasificación como Z.A.S. encuadrarase nese período nocturno.

1.2. A clasificación dun entorno como Z.A.S. corresponderá ó Pleno do Concello por maioría simple dos seus membros.

1.3. A devandita declaración será aprobada, previa instrución dun expediente administrativo que deberá, como mínimo, conter os resultados dos preceptivos estudos e informes técnicos nos que se deberán xustificar fehacientemente as causas e motivos dos rúidos, vibracións e molestias, a descrición das actividades xeradoras de ruído existentes na zona cuxa declaración como saturada se pretende, así como un estudio sonométrico dos rúidos existentes realizado por un período de tempo significativo, suficiente para obter unha visión

representativa do ruído existente na zona. Dito tempo de medición non será inferior a cinco xornadas de medidas.

Considerarase que unha superación en tres (3) ou máis dB(A) do límite legal aplicable na media do ruído da zona sometida a estudio e causa xustificada de declaración de Z.A.S. No caso en que non se superen os límites legais en tres (3) ou máis dB(A) pero existan puntos concretos onde si se produza dita superación, se procederá á determinación das causas puntuais e actuarase en consecuencia segundo o establecido pola normativa legal de aplicación.

Nas Z.A.S., as actividades de relevancia acústica poden clasificarse en:

a) Actividades non recreativas:

Aquelas que pola súa natureza ou ubicación dentro da zona, deberán estar suxeitas a medidas correctoras especiais, que deberán ser suficientemente xustificadas no estudio acústico do proxecto de instalación. Se inclúen todas as actividades exentas e aquelas que requiran calificación ambiental, con funcionamento nocturno ou susceptibles do mesmo, así como todas as actividades consideradas como molestas por produción de rúidos e vibracións nas que non concorren as circunstancias que as inclúan no apartado "b".

b) Actividades de ocio e recreativas:

Aquelas que pola súa natureza ou ubicación dentro da zona, deberán estar suxeitas a medidas correctoras especiais, que deberán ser suficientemente xustificadas no estudio acústico do proxecto de instalación, no que se garante que o funcionamento da actividade e comportamentos ou actividades indirectamente xerados por ela se axustan ás limitacións acústicas establecidas para a zona. Son aquelas nas que reunindo as condicións das referidas no apartado "a" coinciden, ademais, as características de pública concorrencia e en especial bares, discotecas, salas de festas, pubs e similares con instalación musical.

2.-CONDICIÓN A CUMPLIR POLOS ESTABLECIMENTOS SITOS NAS Z.A.S.

2.1. As condicións que deben cumprir os establecementos ubicados nas zonas declaradas como Z.A.S. serán:

2.1.2. Para as actividades non recreativas:

Deberán dispoñer dun aislamento de tódolos cerramentos exteriores, medianeiros e forxados de teito e solo, que garante que os niveis de rúidos transmitidos ó exterior e ás vivendas colindantes, non superen en ningún caso 5 dB(A) menos que o nivel de transmisión marcado nesta Ordenanza.

2.1.3. Para as actividades de ocio e recreativas:

As medidas a aplicar serán as que a continuación se relacionan:

Non dispoñer de ningún oco susceptible de ser aberto, o que obrigará a sistemas de renovación de aire. A instalación destes sistemas, tanto na súa parte mecánica como de circulación, entradas e saídas de aire, se considerará, a efectos de niveis sonoros, como actividade propiamente dita e, polo tanto suxeita ás mesmas limitacións que aquela.

Respecto ós niveis máximos de rúidos transmitidos, os fixados no punto 2.1.2 anterior.

2.2. As presentes condicións serán esixidas desde a entrada en vigor da súa aprobación definitiva polo Pleno Municipal da Z.A.S., establecéndose un prazo de 6 meses a contar desde a dita entrada en vigor para adecuar as súas instalacións ás prescricións indicadas. Só se concederán cambios de titularidade

de de licenzas referidas a actividades de ocio e recreativas, nas zonas especialmente protexidas cando se cumpran as normas sobre aislamento previstas na presente Ordenanza para este tipo de actividades.

2.3. O incumprimento polos titulares das actividades, do prazo de 6 meses previsto no párrafo anterior para a adecuación, dará lugar á retirada da licenza municipal ou a denegación da mesma, para aquelas licenzas en trámite, previa a instrución do correspondente expediente administrativo no que se dará audiencia ó interesado.

2.4. Para as Z.A.S., o Concello de Narón poderá redactar plans de rehabilitación sonora en consonancia coa normativa aplicable, tanto legal como técnica, para solucionar a situación e acadar a desclasificación das Z.A.S.

3.-EFECTOS DA DECLARACIÓN DE Z.A.S.

3.1. As Z.A.S. quedarán suxeitas a un réxime especial das actuacións que perseguirán a progresiva diminución dos niveis sonoros ata acadar os establecidos con carácter xeral neste anexo.

3.2. Prohibición de instalar novas actividades dos tipos recollidos no punto 1.4..

3.3. En función das circunstancias concorrentes, poderán adoptarse todas ou algunhas das seguintes medidas:

3.3.1. Limitación do réxime de horarios ata o máximo permitido pola normativa vixente.

3.3.2. Limitación horaria, ou prohibición se se considera necesario, para a colocación de mesas e sillas na vía pública e retirada temporal das autorizacións concedidas ó efecto.

3.3.3. Establecemento de limitacións ó tráfico rodado, número de prazas de aparcamento mínimas esixibles e ubicación das mesmas.

3.3.4. Establecemento de límites de emisión máis restritivos que os de carácter xeral, esixindo ós titulares dos establecementos a adopción de medidas correctoras complementarias.

3.3.5. Prohibición de realización de actividades comerciais, publicitarias ou outras xeradoras de ruído na vía pública.

3.3.6. Calquera outra medida que conduza á redución do nivel de contaminación acústica ata os límites establecidos nesta norma.

ANEXO II

DEFINICIÓN DOS ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS

A definición dos espectáculos públicos e actividades recreativas que a continuación se relacionan son as reflectidas no Decreto 160/2005, do 2 de xuño, polo que se modifica o Decreto 292/2004, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Espectáculos públicos.

Os espectáculos públicos clasifícanse en:

1.1. Espectáculos cinematográficos.

Teñen por obxecto a exhibición e proxección pública nunha pantalla de películas cinematográficas. Enténdese por película cinematográfica a obra audiovisual consistente en creacións expresadas mediante unha serie de imaxes consecutivamente asociadas, con ou sen sonorización incorpo-

rada, independentemente do seu soporte material, que se proxecciona sobre unha pantalla nun establecemento público.

As exhibicións realizaranse en:

1.1.1. Cines tradicionais: establecementos públicos fixos e independentes que, debidamente autorizados, se destinan con carácter permanente á celebración de espectáculos cinematográficos e contén cunha sala de exhibicións de películas cinematográficas.

1.1.2. Multicines: establecementos públicos fixos que, independentemente ou agrupados con outros e debidamente autorizados, contén con máis dunha sala de exhibicións de películas e se destinan con carácter permanente á celebración de espectáculos cinematográficos.

1.1.3. Cines de verán ou ao aire libre: establecementos públicos, fixos e independentes ou eventuais que, con carácter de tempada ou ocasional e, debidamente autorizados, se destinan á celebración de espectáculos cinematográficos ao aire libre nunca ou varias salas de exhibición.

1.1.4. Autocines: establecementos públicos fixos ou eventuais en recintos pechados e descubertos que, con carácter permanente ou de tempada, se destinan á celebración de espectáculos cinematográficos, e nos cales os espectadores están en automóbiles adecuadamente estacionados e distribuídos dentro do recinto.

1.2. Espectáculos teatrais e musicais. Espectáculos teatrais: son espectáculos que implican a representación pública de obras escénicas ou de variedades, mediante a utilización, illada ou conxuntamente, da linguaxe, a mímica ou a música, así como títeres e monicreques, a cargo de actores ou executantes, sexan ou non profesionais, en locais pechados ou ao aire libre, debidamente acondicionados e autorizados para isto.

Espectáculo musical: aquel en que se produce a execución ou representación en público de obras ou composicións musicais, operísticas ou de danza, mediante a utilización, illada ou conxuntamente, de instrumentos musicais ou a voz humana a cargo de músicos, cantantes ou artistas, profesionais ou afeccionados, en locais pechados ou ao aire libre, debidamente acondicionados e autorizados para isto.

Os espectáculos teatrais e musicais poden desenvolverse en:

1.2.1. Teatros: establecementos públicos fixos e independentes que, debidamente autorizados, se destinan con carácter permanente á celebración de espectáculos teatrais ou musicais sobre un escenario nunha ou máis salas. Estarán dotados de escenario e camerinos.

1.2.2. Teatros ao aire libre ou eventuais: establecementos públicos fixos ou eventuais que, independentes ou agrupados con outros e, debidamente autorizados, se destinan, con carácter de tempada ou ocasional, á celebración de espectáculos teatrais ou musicais sobre un escenario.

1.2.3. Auditorios: establecementos públicos, fixos, independentes ou agrupados con outros que, debidamente autorizados, se destinan con carácter permanente, de tempada ou ocasional, á celebración de espectáculos musicais ou ao desenvolvemento de actividades recreativas culturais ou sociais.

1.2.4. Auditorios ao aire libre e eventuais: establecementos públicos fixos ou eventuais, independentes ou agrupados con outros que, debidamente autorizados, se destinan con carácter de tempada ou ocasional á celebración de espectáculos musicais ou ao desenvolvemento de actividades recreativas culturais ou sociais ao aire libre.

1.2.5. Salas de actuacións: establecementos públicos fixos, con servizo de bar, con actuacións musicais e/ou de variedades en directo.

1.3. Espectáculos taurinos. Son aqueles en que interveñen reses de gando bovino bravo para seren lidadas en prazas de touros con público, por profesionais ou afeccionados, de acordo

coa normativa específica. A clasificación e características dos recintos serán os establecidos na normativa que rexe este tipo de espectáculos.

1.4. Espectáculos circenses. Son espectáculos que se desenvolven en establecementos públicos fixos ou eventuais, con bancadas para espectadores, en que se realizan exercicios físicos de acrobacia que implican habilidade e risco, actuación de pallasos, malabaristas, prestidixitadores, e outras similares, e nos cales poden intervir animais domesticados. No caso de que participen animais débense cumprir as normas de protección de especies e ambientais vixentes no momento das actuacións. No caso da participación de profesionais menores de idade, débense cumprir os requisitos establecidos pola normativa laboral de menores vixente no momento da actuación. Desenvólvense en:

1.4.1. Circos: establecementos públicos fixos ou eventuais, con bancadas para os espectadores, en que se realizan os espectáculos circenses. Contarán con, polo menos, unha pista para a celebración das actividades circenses.

1.5. Espectáculos feirais. Son espectáculos que se desenvolven en establecementos públicos fixos debidamente autorizados, con grandes espazos para a presentación de produtos naturais ou artificiais, derivados das plantas, animais ou da natureza, que poden dedicarse á celebración de eventos relacionados coa prestación de servizos, e nos cales as actividades realizadas están destinadas á difusión comercial e ao ocio dos visitantes. Desenvólvense en:

1.5.1. Recintos feirais: establecementos públicos fixos en que realizan os espectáculos feirais.

2. Actividades recreativas. As actividades recreativas clasifícanse en:

2.1. Actividades culturais e sociais. Son aquelas que se desenvolven en:

2.1.1. Museos: establecementos públicos fixos e independentes que, debidamente autorizados, se destinan con carácter permanente a recoller, adquirir, ordenar e conservar, co fin de estudo e exhibición de forma científica, didáctica e estética, un conxunto de bens mobles de valor cultural, que sexan testemuño da humanidade e do contorno natural, dirixido á investigación, educación, lecer e promoción científica e cultural.

2.1.2. Bibliotecas: establecementos públicos fixos e independentes que, debidamente autorizados, se destinan con carácter permanente a poñer á disposición dos cidadáns, de maneira presencial ou a través de acceso remoto, un conxunto organizado de libros, publicacións, rexistros sonoros e outros rexistros culturais e da información, con fins de educación, investigación e, en xeral, enriquecemento do ocio.

2.1.3. Bibliotecas móbiles: vehículos móbiles que, debidamente autorizados, dependendo ou non dunha biblioteca con establecemento fixo, se destinan con carácter permanente a poñer á disposición dos cidadáns, de maneira presencial, un conxunto organizado de libros, publicacións, rexistros culturais e da información con fins de educación, investigación

e, en xeral, enriquecemento do ocio.

2.1.4. Ludotecas: establecementos públicos fixos, independentes ou agrupados con outros que, debidamente autorizados, se destinan con carácter permanente á poboación infantil en idades comprendidas entre os dous e os doce anos e ás súas familias, co obxecto e fins establecidos na normativa que regula este tipo de establecementos como centros de servizos sociais.

2.1.5. Videotecas: establecementos públicos fixos, independentes ou agrupados con outros que, debidamente autorizados, se destinan con carácter permanente a proporcionar ou ofrecer ao público asistente a proxección de películas mediante magnetoscopios, en soporte de cintas videográficas ou de reprodutores de DVD.

2.1.6. Hemerotecas: establecementos públicos fixos, independentes que, debidamente autorizados, se destinan con carácter permanente a poñer á disposición dos cidadáns, de maneira presencial ou a través de acceso remoto, un conxunto organizado de publicacións de prensa escrita mediante calquera soporte.

2.1.7. Salas de conferencias: establecementos públicos fixos, independentes ou agrupados con outros que, debidamente autorizados, se destinan con carácter permanente, de tempada ou ocasional, a ofrecer ao público a exposición oral de velatorios e debates mediante a utilización, se é o caso, de sistemas de megafonía, vídeo conferencia ou calquera outro sistema de comunicación falada a tempo real, dispoñendo de asentos fixos.

2.1.8. Salas de exposicións: establecementos públicos fixos, independentes ou agrupados con outros que, debidamente autorizados, se destinan a expoñer ao público, obras artísticas ou de calquera outra índole e contido de interese cultural, mercantil ou social.

2.1.9. Salas polivalentes e multiusos: establecementos públicos fixos onde se poden realizar actividades de características distintas pero cun fundamento común como son as reunións sociais, culturais, deportivas ou festivas.

2.1.10. Salas dedicadas á celebración de cineclubs: establecementos públicos fixos, independentes ou agrupados con outros que, debidamente autorizados, se destinan á celebración de espectáculos cinematográficos encadrados en ciclos de autor ou a manifestacións artísticas de cine, así como a celebración de debates durante a mesma sesión unha vez que sexa proxectada a película de que se trate.

2.1.11. Pazos de exposicións e congresos: establecementos públicos fixos e independentes que, debidamente autorizados, se destinan con carácter permanente á celebración, conxunta ou illadamente, dentro das súas instalacións, dunha ou máis exposicións de contido mercantil, cultural ou social, así como a celebración de congresos de índole cultural, social ou mercantil, en diferentes salas situadas no seu interior.

2.2. Actividades recreativas destinadas aos menores de idade. O seu obxecto é a posta á disposición dos responsables dos menores de espazos dedicados á integración, relacións e desenvolvemento sociais, así como o divertimento en ambientes adecuados ás necesidades físicas. Realízanse en:

2.2.1. Centros de ocio infantil: establecementos públicos fixos e permanentes, cubertos ou non, que dispoñen dun espazo para menores entre dous e doce anos, destinado a xogos de tipo físico realizados con pelotas xigantes, esvaradoiros de varios tamaños e formas, redes de corda, túneles, pasos con rolos e calquera xogo de aventura e acción que conte coa debida homologación, e na cal o xogo e as actividades estean dirixidos por responsables adultos con titulación en materia de actividades de tempo libre.

Disporán dun servizo de restauración independente, con ofertas axeitadas aos menores e aos seus acompañantes. O servizo de restauración contará con persoal diferenciado dos técnicos con titulación de tempo libre que se ocupan de organizar o xogo dos menores e de atendelos para evitar incidentes que afecten a súa integridade física. Todos os servizos se producirán a cambio dun prezo concertado por cada menor.

2.2.2. Áreas de xogo en centros comerciais: son espazos fisicamente delimitados dentro dos centros comerciais que dispoñen de xogos destinados a menores de ata doce anos para actividades físicas e de rol como bambáns, casañas, esvaradoiros e calquera xogo de actividade que non requira mecanismos para a súa posta en funcionamento, nos cales o adulto que acompaña o menor se faise responsable de realizar o uso correcto segundo as indicacións

dos elementos de xogo.

2.2.3. Áreas de xogo con aparellos de uso infantil que imiten movementos de animais, vehículos e similares a cambio dun prezo certo, nos cales o adulto que acompaña ao menor se fai responsable de realizar o uso correcto segundo as indicacións que se achegan coa propia máquina.

2.3. Actividades deportivas. Consistentes na realización de probas, competicións e a práctica de calquera deporte, ben sexan realizadas por deportistas profesionais, afeccionados, con carácter público ou privado. Realízanse en:

2.3.1. Estadios deportivos: establecementos públicos fixos, con bancadas para o público, non

cubertos ou cubertos parcialmente que, debidamente autorizados, se destinan á práctica dun ou máis deportes.

2.3.2. Pavillóns deportivos: establecementos públicos fixos e cubertos que, debidamente autorizados, se destinan a actividades físico-deportivas que impliquen a práctica dalgún deporte.

2.3.3. Recintos deportivos: establecementos públicos fixos e descubertos, acondicionados para realizar prácticas deportivas, sen que a asistencia de público sexa a súa finalidade principal.

2.3.4. Pistas de patinaxe: establecementos públicos fixos ou eventuais, cunha pista central destinada á práctica de patinaxe sobre xeo ou patíns.

2.3.5. Ximnasios: establecementos públicos fixos provistos de aparellos axeitados para practicar ximnasia, que conta con salas independentes para a realización de exercicio físico.

2.3.6. Piscinas de competición: establecementos públicos fixos, con bancadas para o público, que contan cunha ou máis pías de auga para a práctica deportiva.

2.3.7. Piscinas recreativas de uso colectivo: establecementos públicos fixos, que poden ser utilizadas polo público en xeral.

2.3.8. Vías públicas usadas para probas deportivas: a utilización de vías públicas nas probas deportivas está suxeita a autorización administrativa ben do concello, da comunidade autónoma ou do Estado, segundo o seu itinerario.

2.3.9. Establecementos de actividades e espectáculos deportivos: establecementos públicos independentes ou agrupados con outros de actividade económica distinta que, pechados ou ao aire libre, en instalacións fixas ou eventuais e debidamente autorizados, se destinan en exclusiva ou primordialmente a ofrecer o exercicio da cultura física ou a práctica dunha ou varias modalidades deportivas ou a celebración de espectáculos deportivos, con carácter permanente, de tempada ou ocasional. Esta categoría acollerá toda actividade deportiva diferente ás actividades xa recollidas no catálogo.

2.4. Parques de atraccións e atraccións recreativas. Actividades de ocio en espazos delimitados nos cales, a cambio dun prezo certo, se pode acceder a calquera tipo de actividade de tempo libre. Realízanse en:

2.4.1. Parques de atraccións e temáticos: establecementos públicos fixos e independentes ao aire libre que, debidamente autorizados, se destinan ao desenvolvemento de atraccións recreativas de índole diversa e, se é o caso, conxuntamente con estas e en áreas diferenciadas dentro do mesmo recinto, á cele-

bración de espectáculos cinematográficos, teatrais, musicais ou circenses.

2.4.2. Parques acuáticos: establecementos públicos fixos que, debidamente autorizados, utilizan a auga como elemento activo baixo a forma de saltos, ondas, correntes, ferverzas ou outros elementos de

similares características, nos cales se permita a participación simultánea ou correlativa de máis de 100 persoas/hora, no seu período de rendemento máximo.

2.5. Actividades recreativas e de azar. Son aquelas en que se arriscan cantidades de cartos ou obxectos avaliábeis economicamente en función do resultado dun acontecemento futuro e incerto, e sometidos á normativa vixente en materia de xogo e ao disposto neste catálogo. Realízanse, segundo a súa modalidade, en:

2.5.1. Casinos de xogo.

2.5.2. Salas de bingo.

2.5.3. Salóns de xogo de máquinas de azar, tipo A, A especial e tipo B.

2.5.4. Salóns recreativos de máquinas de azar, tipo A.

2.5.5. Hipódromos.

2.5.6. Tómbolas e similares.

2.5.7. Locais de apostas.

2.5.8. Puntos de venda de lotaría.

2.6. Actividades de ocio e entretemento. Consistentes na realización de celebracións, goce do tempo libre, e a práctica de calquera acción que teña como fin o entretemento das persoas. Realízanse en:

2.6.1. Salas de festas: establecementos públicos fixos e independentes especialmente preparados para ofrecer desde un escenario actuacións de variedades ou musicais fundamentalmente en directo. Disporán de pistas de baile para o público e este seguirá as actuacións desde lugares distribuídos ao redor da pista de baile ou do escenario, podendo ofrecerlles servizo de bar. Dispoñen de roupeiro e camerinos.

2.6.2. Discotecas: establecementos públicos fixos e independentes especialmente preparados para bailar e ofrecer música fundamentalmente por medios de reprodución mecánicos en que, ademais de servir bebidas, dispoñen dunha ou máis pistas de baile para o público, sen ofrecer actuacións en directo. Dispoñen de roupeiro.

2.6.3. Salas de baile: establecementos públicos fixos que dispoñen dunha pista de baile e que están dirixidos ao ensino do baile como actividade de lecer. Considérase pista de baile, para os efectos deste catálogo, o espazo especialmente delimitado e destinado a tal fin, desprovisto de obstáculos construtivos ou de mobiliario e de dimensións suficientes para circunscribir un círculo de diámetro mínimo de sete metros.

2.6.4. Pubs: establecementos públicos fixos e independentes dedicados exclusivamente ao servizo de bebidas. Poden dispoñer de ambientación musical por medios técnicos, pero sen pista de baile.

2.6.5. Karaoke: establecementos fixos dedicados exclusivamente ao servizo de bebidas que ofrecen a posibilidade de saír a un escenario a cantar e contan cos medios técnicos apropiados para o desenvolvemento da actividade, pero sen pista de baile.

2.6.6. Cibercafé, salóns ciber e similares: establecementos públicos fixos, independentes ou agrupados con outros que, debidamente autorizados, se destinan con carácter permanente a proporcionar aos asistentes, de forma gratuíta ou mediante o aboamento de cantidades monetarias, un tempo de uso de ordenadores para o acceso á internet ou a calquera das súas fun-

cións, así como, se é o caso, servizo de bar ou café bar aos usuarios dentro das instalacións. Queda prohibida a entrada aos menores se neles se serven bebidas alcohólicas durante o tempo que exista o devandito servizo. Estará tamén prohibida a entrada a menores de idade a estes locais durante o tempo en que as conexións ás redes informáticas da internet non teñan ningún tipo de limitación referida á idade do usuario.

2.6.7. De exhibicións especiais: establecementos públicos fixos especialmente preparados para exhibir películas en vídeo ou para realizar actuacións en directo, onde o espectador se sitúa en cabinas individuais ou sistema similar. Queda prohibida a entrada a menores de 18 anos nos casos de actuacións en directo, ou con exhibición de películas de vídeo, que sexan de carácter sexual ou de extrema violencia.

2.6.8. Tablaos flamencos: establecementos públicos fixos nos cales se desenvolven actuacións de danza e música flamenca en directo, debendo dispor dun escenario de madeira elevado a unha altura suficiente para que poida ser observado polo público que se atopa nas mesas en que se ofrece servizo de bebidas ou restauración. O local debe dispor de tablo e mesas para as consumicións do público, debendo existir entre o tablo e as mesas do público unha distancia de polo menos tres metros e sempre suficiente para garantir a seguridade dos actores e dos usuarios do local. Carecendo de pista de baile, o tablo ou escenario debe ter unhas medidas mínimas de 20 m² de superficie. O local debe contar, cando menos, cun camerino.

2.6.9. Café-teatro, café-concerto, café-cantante: establecementos en que se desenvolven actividades de ocio consistentes en actuacións teatrais, de variedades ou musicais en directo, sen pista de baile para o público, podendo ou non dispor de escenario e camerinos e nos cales se ofrece servizo de bebidas ou restauración. Está prohibido que nestes locais se celebren bailes.

2.7. Actividades de restauración. Sen prexuízo do establecido noutras normas sectoriais

que regulen outros aspectos, defínense como actividades de restauración, para os efectos deste catálogo, as que teñen por obxecto a prestación de servizo de bebidas e comida elaborada para o seu consumo no interior dos locais. Realízanse en:

2.7.1. Restaurantes: son os establecementos así definidos na normativa de turismo. Dispón da seguinte subcategoría:

2.7.1.1. Salóns de banquetes: restaurantes destinados a servir comidas e bebidas a un público

agrupado, mediante prezo concertado, para seren consumidas en data e hora predeterminadas en servizo de mesas no mesmo local. Poden realizar actividades de baile posterior á comida, sempre que reúnan as debidas condicións de seguridade e insonorización.

2.7.2. Bar, café-bar: son os establecementos así definidos na normativa de turismo.

2.7.3. Cafetería: son os establecementos así definidos pola normativa de turismo.

2.7.4. Locais de restauración con horario especial en función do persoal ao que van dedicados, son aqueles centros de restauración situados en aeroportos, portos, hoteis, polígonos industriais e, en xeral, en zonas delimitadas territorialmente que estean dedicados a satisfacer as necesidades dos usuarios e profesionais das actividades e empresas situadas nese territorio delimitado, sempre que neles se ofrezca exclusivamente bebidas e alimentos para o consumo inmediato, sen que en ningún caso poidan dispoñer de espazos para a celebración de bailes, medios de reprodución de música de ningún tipo ou acceso doutras persoas alleas á actividade principal.

2.8. Exhibición de animais. Atraccións recreativas desenvolvidas en lugares apropiados para o coidado e conservación de especies animais de especial interese por motivos culturais, educativos, e de protección do ambiente. Realízanse en:

2.8.1. Zoolóxicos: establecementos públicos fixos e permanentes nos cales se manteñen animais vivos de especies silvestres para a súa exposición ao público.

2.8.2. Acuarios: establecementos públicos fixos ou eventuais onde se exhiben réptiles e fauna acuática, que dispoñen de instalacións con auga.

2.8.3. Recintos de exhibición cabalar e outras especies: establecementos fixos ou eventuais en que se celebran actuacións de cabalos e outras especies animais para o lecer do público que o contempla.

2.9. Festexos e celebracións populares. Actividades recreativas tradicionais, de carácter popular:

2.9.1. Solta de novelos: son festexos taurinos tradicionais consistentes na solta, en zonas pechadas ou na vía pública, de reses para fomento do recreo sen levar aparelhada a súa lida.

2.9.2. Verbenas e festas populares: actividades que se celebran, con motivo das festas patronais ou populares, con actuacións musicais, bailes, fogos de artificio ou actividades de restauración. Inclúe as actividades desenvolvidas en establecementos ou instalacións eventuais, portátiles ou desmontables que, debidamente autorizados, se destinan con carácter ocasional, durante a celebración de festas patronais ou tradicionais da localidade, a proporcionar aos usuarios, mediante prezo, a utilización de estruturas con dispositivos mecánicos ou electrónicos, ou a participación nos xogos de barracas para a obtención de bens mobles de moi escaso valor económico.

2.9.3. Carrilanas: actividades realizadas con vehículos artesanais sen motor para exhibicións e a competición popular.

ANEXO III

HORARIO DE PECHE E LIMITACIÓNS

a) Consonte o reflectido no artigo 2 da presente ordenanza considerase horario nocturno o comprendido entre as 22 horas e as 8 horas.

b) Os locais comprendidos nas presentes normas axustarán o horario de funcionamento as normas que dicte en cada caso a Administración que teña encomendada a competencia.

c) Fixado o horario de peche pola Autoridade correspondente para as distintas actividades, non podrán seguir funcionando ningún instrumento ou aparello musical (radio, televisión, magnetófonos, tocadiscos, altavoces, pianos, etc.) dentro ou fora do local.

d) Queda terminantemente prohibido o acceso a menores a salas de festa, discotecas, pubs, karaokes, cibercafés, tablaos flamenco, café cantante, café concerto, café teatro e salas de exhibicións especiais, excepto nos supostos nos que se autorice especificamente o seu funcionamento para actividades para xóvenes, e na franxa horaria de 18 a 22 horas, con prohibición absoluta de venta e exhibición de alcohol."

Narón, 13 de marzo de 2007.

O Alcalde

Asdo.-Juan Gato Díaz.